

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA DEZASETE DE XUÑO DO ANO DOUS MIL VINTE E DOUS

ASISTENTES

Presidenta: Dna. Raquel Giráldez Armas En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo
Suplente: Dna. Iria Lamas Salgueiro Provincial, sendo as doce horas e dez minutos do
Vogais: Dna. Ana María Mejías Sacaluga día vinte de Maio do ano dous mil vinte e dous,
D. Gorka Gómez Díaz reúnense baixo a presidencia de Dna. Raquel
D. Carlos López Font en Giráldez Armas, os/as señores/as deputados/as
sustitución de Dna. María que á marxe se relacionan, membros da dita
Victoria Alonso Comisión convocados coa correspondente orde
Méndez do día.
D. Santos Héctor Rodríguez Actúa como Secretario por delegación expresa do
Díaz Sr. Secretario Xeral, D. Manuel Corujo Castro
Dna. Noemí Outeda Prol Xefe de servizo de Promoción de Emprego e
Dna. Ana Laura Iglesias Desenvolvemento Local.
González
D Manuel Alejandro Lorenzo Aberta a sesión por parte da Presidencia pásase ó
Alonso estudo dos asuntos incluídos na orde do día.
D. Jorge Cubela López
D. José Alfonso Marnotes
González
Dna. María Paz Lago Martínez
D. Ignacio Maril Pardo
D. José Carlos López Campos
D. Javier Tourís Romero
D. Xosé Cesáreo Mosquera
Lorenzo
Dna. María Ortega Iñarrea

1. LECTURA E APROBACIÓN, DE SER O CASO, DO BORRADOR DA ACTA DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA, DO DÍA 20 DE MAIO DO ANO 2022.

2. Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, extraordinaria, do día vinte de Maio do ano dous mil vinte e dous.



3. DAR CONTA DA AMPLIACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ PRACTICUM DEPO 2020, 5ª MOBILIDADE.

Por resolución de data 31/07/2020 da Dirección do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), concédeselle a Deputación de Pontevedra unha subvención por importe de 571.051,00€uros para levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes graduados de Formación Profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral, a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

O ámbito de actuación do proxecto: Irlanda, Italia, Portugal, Malta, Alemaña, Grecia, Finlandia, Países Baixos, Islandia, Polonia e Francia.

Nº participantes: 111 estudantes graduados de Formación profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais, 10 docentes dos centros participantes, correspondentes a persoal para a formación e 1 visita preparatoria.

Con data 23/10/2020, a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidos.

Partindo das propostas, dos Centros de Formación Profesional e do Comité de mobilidade da Deputación, os alumnos distribuíranse en oito quendas. Ata a data actual, realizaron mobilidade 78 con destino en Italia, Portugal, Irlanda, Malta, Romanía, Austria, Finlandia, Países Baixos, Francia e Suecia.

A duración normal das prácticas no país estranxeiro é de 182 días (aproximadamente 6 meses e 2 días), podendo ser inferior ou superior non superando o prazo máximo de 12 meses.

Na guía de programa Erasmus do SEPIE (páxina 294) e na cláusula 2.5 de convenio de subvención asinado polo participante e a Deputación de Pontevedra, ofrécese a posibilidade de ampliación da mobilidade sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A duración máxima da mobilidade incluíndo a prórroga non poderá ser superior a 12 meses.
- A solicitude de ampliación da duración da estancia deberá enviarse á institución polo menos un mes antes do remate do período de mobilidade.
- A prórroga deberá ser inmediata ao período da mobilidade en curso



- Antes de que remate o período de mobilidade previsto inicialmente, se deberá firmar un novo convenio coas datas da prórroga e o importe da subvención correspondente a dito período calculados segundo a táboa de módulos do SEPIE.
- O abono da bolsa da prórroga terá que ser anterior ao inicio da mesma

Con data 4 de febreiro de 2022, a Xunta de Goberno en sesión ordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo: 19.31242.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO E DOCENTES PARTICIPANTES NO PROXECTO PRACTICUM DEPO 2020 (5ª MOBILIDADE_Nº expediente 2021009016).

Con data 12 de maio ofreceuse aos beneficiarios da 5ª mobilidade ampliar a súa mobilidade, solicitando confirmación a través de correo electrónico.

Solicitaron ampliar a súa estancia os seguintes participantes:

Participante	Sector	Centro formación	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Total ampliación
Sergio Bouzas Alborja	Vídeo DJ e son	IES Audiovisual de Vigo	Portugal	27/08/2022	20/12/2022	116	4.640,00
Iria Alves Frasquet	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Terra de Turonio	Italia	03/09/2022	07/12/2022	96	3.755,00
Nerea López Rivera	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Terra de Turonio	Italia	27/08/2022	07/12/2022	103	4.035,00
Lorena Freiría Quintás	Emerxencias sanitarias	IES Ricardo Mella	Italia	27/08/2022	23/12/2022	119	4.760,00
David Taboada Campos	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	27/08/2022	19/12/2022	115	4.600,00
							21.790,00€

O importe das bolsas ven determinado polo país de destino e os días de estancia, calculados en cada caso segundo a táboa de módulos do SEPIE.



Para esta ampliación a contía ascende a 21.790,00€, beneficiando tanto ás persoas participantes xa que poden seguir aprendendo e traballando nunha empresa estranxeira, como ao consorcio Practicum Depo 2020 cun maior porcentaxe de execución do orzamento do proxecto.

A súa concesión corresponde á Xunta de goberno en virtude das facultades que lle atribúen a este órgano as bases de execución do orzamento deste ano.

Pola presidenta da Comisión dáse conta da ampliación de bolsas de mobilidade ao alumnado participante no Proxecto Erasmus +Practicum Depo 2020, 5ª mobilidade.

4. ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, cando son as doce horas e quince minutos do expresado día, do que eu, secretario, dou fe.

(Asinado dixitalmente ao marxe)

